



sanroque

DESDE 1698

As festas que queremos



***I can.
Hai festa!***

Concello de
Vilagarcía



de Arousa

Organizador e patrocinador principal:



Outros patrocinios:



**XUNTA
DE GALICIA**

**GALICIA
CALIDADE**



**Xacobeo
2027**



//ABANCA



**Deputación
Pontevedra**



alquiler y venta



Colaboran:



**AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS**

FROIZ
el súper de casa



**CENTRO COMERCIAL
AROUSA**

Edición

Concellería de Cultura

Concello de Vilagarcía de Arousa

Alcalde

Alberto Varela Paz

Concelleira de Cultura

Sonia Outón Casal

Realización

Área de Comunicación Social

Revisión lingüística

Servizo de Normalización

Impresión

Gráficas Anduriña

Depósito Legal

P0 393 - 2026



sanroque

DESDE 1698

As festas que queremos



**I can.
Hai festa!**

Concello de
Vilagarcía



de Arousa

O noso agradecemento a todas as institucións, empresas, colectivos e persoas particulares que, co seu apoio e colaboración, fixeron posible as festas que queremos.

NOTA: Este programa pode ser obxecto de modificacións. Calquera novidade será publicada diariamente nos medios de comunicación locais e na web municipal www.vilagarcia.gal



Concello de Vilagarcía de Arousa



vilagarciaviva

Se hai santo, I can!



A uns pareceralle que foi onte; outros pensarán que é así dende sempre. Pero non: a declaración das nosas festas como de interese turístico nacional acaba de cumprir vinte anos. Un éxito colectivo que merece ser recordado. Primeiro, por unha cuestión de lexitimo orgullo: non todas as festas contan con ese recoñecemento. E segundo, polo que implica de compromiso de seguir mantendo as circunstancias que o xustificaron.

Na súa declaración, o Goberno tivo en conta a antigüidade da festa, a súa continuidade no tempo, e a orixinalidade e diversidade dos actos que a conforman. Creo que poucos poden dudar de que isto non só segue sendo así, senón que aínda son máis diversas que entón. E a resposta do público está aí: o ano pasado, e grazas ás novas tecnoloxías, puidemos comprobar que o día grande a poboación chegou a preto das 110.000 persoas entre visitantes e residentes. Un aliciente para seguir facendo as cousas ben, porque é o noso mellor escaparate.

Este ano, pois, estamos de celebración e por iso recuperamos a imaxe e o lema co que naquel 2006 saudamos a boa nova: "I can, hai festa!", o que coincide, ademais, con que o can de San Roque se converteu nun chatbot que acompaña virtualmente a quen se achegue á nosa cidade.

Así que, coma sempre, animovos a saír á rúa a desfrutar dun amplísimo programa no que hai de todo, para todos, con todos e todas. Non vai ser doado vivilo íntegro, pero estamos en San Roque. E xa se sabe: se hai santo, I can!

A stylized, handwritten signature in black ink, consisting of several loops and a long horizontal stroke.

Alberto Varela Paz
Alcalde de Vilagarcía de Arousa



Semana de Cine

2026

31 xullo - 8 agosto
VILAGARCÍA DE AROUSA

A histórica cita cinematográfica celebrará
unha edición especial dedicada ao cincuentenario
do Cine Clube Ádega,
combinando proxeccións, concertos, encontros
e actividades participativas.

Consulta o programa completo
entrando neste QR.



XOVES 6 – SÁBADO 8 AGOSTO

XOV: 18:30-22:30 / VEN e SÁB: 10:30-14:30 | 18:30-22:30
Praza da II República

Feira de oportunidades Expoferta Zona Aberta

Organiza: Asociación de comerciantes Zona Aberta.

SÁBADO 8 AGOSTO

10:30 – Praza de Galicia

Venda de camisetas da Festa da Auga

Este ano, a persoa encargada de darlle forma
é o vilagarcían Donato Fernández.

Organiza: Comisión "Auga que non has de beber".

XXXI FESTA DA AMEIXA

O CARRIL



Concello de
Vilagarcía



de Arousa

SÁBADO 8 AGOSTO

[17:00-23:00] Alameda do Carril

- 17:30 Regata de vela latina.
- 21:30 Apertura da 31.ª edición da Festa da Ameixa.

A continuación, elaboración dun arroz con ameixas e berberechos do Carril, preparado polo chef Miguel Mosteiro e amenizado polo grupo de gaitas Brisas do Ulla e a formación musical The Music Box Band.

DOMINGO 9 AGOSTO

[11:00-23:00] Alameda / rúas do Carril

- 11:00 Pasarrúas co grupo de gaitas Xirifeiros, Brisas do Ulla e Airiños do Carril.
- 12:00 Degustación da ameixa do Carril (ata fin de existencias).
- 14:00 Concerto:
Pablo Balseiro and The Verbenian Orquestra.



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos
Europeos



XUNTA
DE GALICIA



Deputación
Pontevedra



VENRES 14 AGOSTO

20:30 – Balcón da Casa Consistorial

Pregón a cargo de Xabier Fortes

O xornalista pontevedrés conduce o programa "La noche en 24 h", pero tamén é ben coñecido por moderar os debates electorais.

Conta, ademais, con dous dos máis prestixiosos galardóns da radiotelevisión en España: o Micrófono de Ouro e o premio Ondas.

Amais de todo isto, Fortes é autor de diversos documentais e da novela "Sonata de acuario".

O pregón será traducido simultaneamente á lingua de signos.

21:00 – Praza de España

Ofrenda floral ao Santo

Agrupacións sociais, culturais e musicais participarán nun desfile que culminará diante da igrexa parroquial, onde farán a súa dádiva ao patrón.

O percorrido iníciase no Concello e continúa polo xardín de Ravella, rúa Ramón y Cajal, praza de Galicia, rúa Castelao, rúa Xeneral Pardiñas, rúa Covadonga e finaliza na praza de España.

21:00 – Parque da Xunqueira

A Xaiba

Esta formación vilagarcíá transmite amor á música polos catro costados tanto nas versións doutros como en composicións propias: cantos de taberna, música tradicional galega, habaneras, fados, cumbias...



**SON
DA CASA!**



22:30 – Parque da Xunqueira

Savoy Club Big Band

ANTOLOXÍA DO BOLERO

Este espectáculo é unha homenaxe a un dos xéneros máis románticos e universais da música popular latinoamericana: o bolero. Unha invitación a redescubrir a súa maxia nun formato escénico elegante e vibrante, unha viaxe sonora e emocional dende as súas orixes ata as súas fusións con outros xéneros.

23:00 – Alameda

Haus

Os djs Little Pi & Kaiser Xosé e La Vepe propoñen unha intervención musical deseñada para dinamizar a noite e conectar co público a todo ritmo. O formato analóxico do vinilo será o protagonista, tanto no set de apertura, como na sesión principal e no peche da velada.



**SON
DA CASA!**



SÁBADO 15 AGOSTO

[11:00-12:30] Contorno da capela de San Roque
Festividade de San Roquiño O Pequeno

➤ 11:00 – Barrio de San Roque
Pasarrúas San Roquiño o Pequeno
GRUPO DE GAITAS NÓS DE SOBRADELO

➤ 12:00 – Barrio de San Roque
Misa de San Roquiño
Cantada pola Coral Cortegada.

➤ A continuación
Procesión de San Roquiño
Acompañada da Banda de Música de Vilagarcía
e do grupo de gaitas Nós de Sobradelo.
Ao final haberá viño e empanada
por xentileza de HIPER FROIZ.



12:00 – Rúa Castelao

Cabaret Acuático

Casetas de baño, raias mariñeiras, toallas, gorros e traxes de baño vintage, aspersores, balóns de praia e canotieres configuran a evocadora estética modernista desta proposta divertida e refrescante.

Compañía: Nelson Quinteiro | Tipo de espectáculo: Teatro de rúa | Duración: 90 min | Público: Todas as idades

Cultura no Camiño 2026.



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS



XUNTA
DE GALICIA

12:30 – Rúas da cidade

Pasarrúas

GRUPO DE GAITAS MALVEIRAS

21:00 – Rúas da cidade

Pasarrúas

CANTAREIRAS BULIDEIRAS DE FONTECARMOA

23:00 – Rúas da cidade

Festicultores Troupe

Humor e baile, música e tolemia espállanse polas nosas rúas e prazas acompañadas polo seu inigualable artefacto sonoro de tecnoloxía punta alienígena galaica e o seu "tunning chimpín". Diversión e rebuldaina para perder a cordura!

Cultura no Camiño 2026.



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS



XUNTA
DE GALICIA





FESTA DA AUGA SEGURA

PUNTO LILA

---CASETA INFORMATIVA---

EXPLANADA DO AUDITORIO

NOITE DO 15 AO 16 DE AGOSTO
DAS 00.00 ÀS 8.00 HORAS

DOMINGO 16 AGOSTO

[11:45] Praza de España

Traslado de San Roque

O Santo sae dende a igrexa parroquial, na praza de España, escoltado polo equipo de rugby da cidade, co acompañamento da Banda de Música de Vilagarcía, cara á capela de San Roque.

[12:00] Zona húmida

Festa da Auga

Logo do pregón, dende un guindastre e cun caldeiro na man, comeza a multitudinaria Festa da Auga.

IMPORTANTE:

Se tes calquera accidente leve, acude ao **Punto de Atención de Primeiros Auxilios** que o Concello pon á túa disposición na praza da Peixería de 9:00 a 16:00 horas.

[20:30] Rúas da cidade

Procesión de San Roque

O Santo sae da capela de San Roque e, a través da rúa San Roque, a praza da Independencia, as rúas Padre Feijoo e Edelmiro Trillo retorna á igrexa parroquial, na praza de España.

[22:00] Alameda

CONCERTO:

Abril Fado Atlántico


Proxecto nado en 2007 con carácter aberto, onde teñen cabida o tango ou o choriño brasileiro e tamén, como non, o fado puramente tradicional, sempre coa instrumentación típica desta música.

Cultura no Camiño 2026.
En colaboración coa Xunta de Galicia.



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS





LUNS 17 AGOSTO

12:30 – Rúas da cidade

Pasarrúas

GRUPO DE GAITAS E BAILE

MAR DE AROUSA

19:30 – Rúas da cidade e praza de Galicia

ANIMACLOWN

Acrocircus

Espectáculo cheo de reflexión, sensibilidade, risa, fantasía e amor. Esta comedia satírica recrea a vida dun vello acróbata e narra a historia do teatro e o circo a través dos séculos.

O protagonista é interrompido por un mozo músico e activista que relaciona esa historia coa inmigración, a desigualdade e as invasións violentas para facer unha defensa do amor, a resiliencia, a liberdade, a dignidade e a paz.

Compañía: Fundación Tchyminigagua
Tipo de espectáculo: Circo e acrobacias

Duración: 55 min

Público: Todas as idades

21:00 – Rúas da cidade

Pasarrúas

GRUPO DE GAITAS FROALLO

22:30 – Avda. da Mariña

Verbena popular

ORQUESTRA NEW YORK

MARTES 18 AGOSTO

11:00 – Rúas da cidade

FESTACLOWN SOCIAL – ANIMACLOWN

Iguatuke

Equipo de batucada que interpreta unha ampla variedade de estilos musicais afrobrasileiros, fusionando ritmos tradicionais cunha enerxía única.

Compañía: Igual Arte, Con Eles e Fundación Tchyminigagua

Tipo de espectáculo: Pasarrúas musical | Duración: 60 min

Público: Todas as idades

12:30 – Rúas da cidade

Pasarrúas

GRUPO DE GAITAS BRISAS DO RÍO ULLA

12:30 – Praza de Ravella

SUPERROQUIÑOS

0 autoestopista intergaláctico

Un espectáculo de ciencia ficción, de clown e transformismo, con continuas mudanzas de vestuario e personaxes cómicos dotados de poderes propios que desafían a lei da gravidade con equilibrios imposibles, que teñen tamén un control total de obxectos malabares e que paralizan o público con monólogos esmendrellantes!

Compañía: Aitor Garuz

Tipo de espectáculo: Clown

Duración: 50 min

Público: Todas as idades



19:30 – Praza de Galicia

CERTAME FESTACLOWN

Finito infinito

A circularidade non ten fin. Podemos saír dela? Podemos cortar coa monotonía e cambiar o rumbo das cousas? Que pasaría se, de súpeto, entrásemos nun mundo de fantasía onde deixáramos de lado o cotián para divertirnos como cando eramos nenas e nenos?

Compañía: Trotamundos | Tipo de espectáculo: Circo

Duración: 50 min | Público: Todas as idades



21:00 – Rúas da cidade

Pasarrúas

GRUPO DE GAITAS TREBOADA DE GUILLÁN

21:00 – Praza da II República

MOSTRA FESTACLOWN

Xelebreixon


Unha nova proposta con moito carácter, xenio e abraiantes números circenses que desafían a gravidade con acrobacias aéreas e de chan, fusionando circo, teatro, danza e humor absurdo.

Compañía: Rojo Telón

Tipo de espectáculo: Circo, danza e humor absurdo

Duración: 50 min

Público: Todas as idades



21:00 – Parque da Xunqueira

CONCERTO

The Eskarallas

Cunha traxectoria forxada a base de quilómetros, estrada e puro punk rock, a banda percorreu gran parte do país compartindo escenario e colaboracións con referentes como Evaristo Páramos (La Polla Records), Josetxu (Piperrak) e Manolo Kabezabolo.



**SON
DA CASA!**

22:30 – Parque da Xunqueira

CONCERTO

Marky Ramone

Na primavera de 1978, Marky uniuse ao lendario grupo pioneiro de punk rock Ramones, cos que estivo á fronte da batería durante 15 anos e máis de 1700 concertos.

Sen dar sinais de desacelerar, Marky continúa xirando por todo o mundo coa súa banda, ao tempo que exerce como DJ. Pura enerxía!



MÉRCORES 19 AGOSTO

11:00 – Parque Miguel Hernández

FESTACLOWN SOCIAL

Ecos do pasado

Un espectáculo familiar no que viaxaremos a través dos contos para descubrir os segredos do noso patrimonio. Monicreques e imaxinación nunha viaxe chea de fantasía e de retranca.

Compañía: K'paparota Teatro

Tipo de espectáculo: Monicreques

Duración: 40 min | Público: De 3 a 8 anos.

12:30 – Rúas da cidade

Pasarrúas

GRUPO DE GAITAS AIRIÑOS DO CARRIL

12:30 – Praza de Ravella

SUPERROQUIÑOS

Breaking broken dreams

Equipada cos seus aparellos e unha actitude estafalaria, Maple, unha peculiar secretaria, está preparada para demostrar que non todo é o que parece.

Unha gran manipulación do aro mesturada con improvisación e comedia física que logra que o seu público se sorprenda co nivel técnico circense e, ao mesmo tempo, que non poida conter a risa.

Compañía: Maple Staplegun

Tipo de espectáculo: Circo e clown con hula-hoops

Duración: 50 min

Público: Todas as idades





19:30 – Praza de Galicia

CERTAME FESTACLOWN

Las Cossas Nostras

Mia Mine e Mr. Vita son gánsteres, vítimas da moda italiana e convidávos a entrar no seu mundo absurdo e extravagante... Danvos a benvinda á "familia"!

Unha mestura de comedia física, teatro, clown e circo, cun dúo dinámico de gánsteres cun alto nivel técnico e un espectáculo onde todo é posible.

Compañía: Las Cossas Nostras | Tipo de espectáculo: Clown e circo | Duración: 50 min | Público: Todas as idades

21:00 – Rúas da cidade

Pasarrúas

GRUPO DE GAITAS SANTA PLÁCIDA DE RUBIÁNS

21:00 – Praza da II República

MOSTRA FESTACLOWN

Fins al Cel

Esta é unha historia de soños e transformacións, de medos que se volven impulso. Porque hai veces que só fai falta atopar outras persoas para descubrir de que somos capaces. "Fins al cel" é un salto compartido. Lixeiro e profundo. Humano e máxico. Unha invitación a superar os límites.

Compañía: Spanish Circo | Tipo de espectáculo: Circo contemporáneo, barra rusa e acrobacias | Duración: 50 min
Público: Todas as idades

21:00 – Parque da Xunqueira

CONCERTO
MK MAIK

O proxecto musical de Jesús Güimil Beiras nace dunha historia real de superación persoal, transformando as experiencias vividas en cancións que transmiten forza, esperanza e boa "vibra".



**SON
DA CASA!**

22:30 – Parque da Xunqueira

CONCERTO
De Ninghures

A aclamada banda, referente do folk galego actual, volve a Vilagarcía para amosar a súa evolución sonora, con máis experimentación na utilización dos instrumentos, sen perder a esencia e medrando en identidade.

De Ninghures mestura mestría musical e actitude desenfadada que nos fan tanto bailar como emocionarnos coa súa particular fusión da música tradicional galega con ritmos e inspiracións doutras culturas como a latinoamericana ou a magrebí.



Deputación
Pontevedra



mÚSICA



XOVES 20 AGOSTO

11:00 – Parque Miguel Hernández

FESTACLOWN SOCIAL

Marítimas

Din que todo o que o mar quita, dalgún xeito, o mar todo o devolve... Desta volta, a marea trouxo un lote de historias de sereas que aturuxan, de raíñas co cu morado, atadoras rebeldes e mariscadoras que non calan. Todas elas son marítimas.

Vinde aos contos coa subida, marchade coa baixada!

Compañía: Vero Rilo | Tipo de espectáculo: Narración oral

Duración: 40 min | Público: de 3 a 8 anos

12:30 – Praza de Ravella

SUPERROQUIÑOS

Lidiar

Un espectáculo onde o circo se combina cunha parodia da cultura española. O seu público será a arena, os seus voluntarios os toureiros e el, o touro que remata triunfante! Este personaxe tolo e carismático e que se autoproclama "estúpido profesional", parece que sae directamente dun cómic e entra na vida real, mais é el quen fai que o seu público se adentre nun mundo de debuxos onde todo pode pasar.

Compañía: Mr. Vita

Tipo de espectáculo:

Circo e malabares

Duración: 50 min

Público: Todas as idades

19:30 – Praza de Galicia

CERTAME FESTACLOWN

5.0

Un espectáculo con equilibrios, acrobacias aéreas variadas, música ao vivo e un sen fin de habilidades dunha das acróbatas máis establecidas de Galicia.

"5.0" fala de cambios, de premenopausa, de transformación, de envellecemento..., pero, sobre todo, fala de facelo con amor e con humor.

Compañías: Sue Moreno | Tipo de espectáculo: Acrobacias

Duración: 50 min | Público: Todas as idades

21:00 – Praza da II República

MOSTRA FESTACLOWN

Sen patrón

Tres malabaristas compiten por levar a batuta nun mundo onde todo debería seguir unha orde perfecta.


Pero cando ningún quere ceder o control, os obxectos voan, os patróns rompen e o caos convértese nun xogo tan divertido como fascinante.

Compañías: Pistacatro

Tipo de espectáculo: Circo con malabares

Duración: 50 min

Público: Todas as idades



21:00 – Rúas da cidade

Pasarrúas

GRUPO DE BAILE PERLA DE AROUSA

22:30 – Parque da Xunqueira


CONCERTO

Barry B

Cun espectáculo magnético baseado na enerxía e na honestidade, a súa forte conexión emocional irradia unha sensación de felicidade que envolve ao público.

Con banda completa e arranxos en vivo, reinterpreta o seu catálogo e vai gañando solidez como artista de directo.

Unha experiencia intensa,
cunha identidade
rock reforzada
pola súa posta
en escena.



VENRES 21 AGOSTO

11:00 – Praza de Galicia

FESTACLOWN SOCIAL

BSO

Como xa vén sendo habitual, Festaclown volve colaborar coa asociación Con Eles e co taller de teatro Clámide.

Un divertimento sobre o mundo do celuloide en rigoroso play-back. Luces, cámara, acción!

Compañías: Con Eles e Clámide | Tipo de espectáculo: Teatro xestual | Duración: 25 min | Público: Todas as idades



12:30 – Rúas da cidade

Pasarrúas

GRUPO DE GAITAS OS XIRIFEIROS

12:30 – Praza de Ravella

SUPERROQUIÑOS

Flash

Un encontro sen palabras, cheo de xestos e ilusións que mesturan o pasado cos pequenos milagres do presente.

Un fotógrafo cun equipo doutro tempo que parece capturar non só imaxes, senón momentos máxicos.



Compañía: Dani García

Tipo de espectáculo: Maxia

Duración: 50 min

Público: Todas as idades



19:30 – Praza de Galicia

CERTAME FESTACLOWN

Wasa

Espectáculo cheo de chanzas, conectado á tecnoloxía, á que talvez non hai que facerlle tanto caso, que nos amosa a través do clown, da maxia e de efectos de son as experiencias deste peculiar personaxe que tenta facer un mundo mellor.

Compañía: Z Teatro | Tipo de espectáculo: Maxia e clown

Duración: 50 min | Público: Todas as idades

21:00 – Rúas da cidade

Pasarrúas

GRUPO DE GAITAS LUMARADA DE CORNAZO

21:00 – Praza da II República

MOSTRA FESTACLOWN

Check out

Con equívocos, xogos de clown e moita diversión, este mozo de hotel diferente descobre ao longo dunha imprevista xornada de traballo que non hai mellor futuro que vivir desfrutando o presente.

Compañía: Adrián Conde

Tipo de espectáculo: Clown

Duración: 50 min

Público: Todas as idades



22:30 – Parque da Xunqueira

CONCERTO

Chenoa

Cando Chenoa se sitúa baixo os focos, a vitalidade da súa natureza chea de forza e autenticidade converte o seu directo nun espectáculo total. Un inesquecible concerto de grande impacto cargado de enerxía e de música con alma, que fan desta aclamada artista unha das figuras máis sólidas do noso panorama musical.



SÁBADO 22 AGOSTO

10:30-13:00 – Casa Consistorial / Salón García

XX Gran Capítulo da Confraría dos Viños de Rías Baixas

- 10:30 Concentración de confrarías na Casa Consistorial.
- 11:00 Recepción do alcalde ás confrarías asistentes e desfile ata o Salón García, acompañados polo grupo de gaitas A Nosa Señora da Xunqueira.
- 12:00 Desenvolvemento do acto principal no Salón García.



11:00 – Parque Miguel Hernández

FESTACLOWN SOCIAL

Costureiriña bonita

Unha peza interxeracional coa que grandes e pequenas desfrutarán da música, dos monicreques e das lendas, a través dunha participación activa.

Compañía: A Cova das Letras

Tipo de espectáculo: Maxia e monicreques

Duración: 40 min

Público: De 3 a 8 anos

12:30 – Rúas da cidade

Pasarrúas

GRUPO DE GAITAS E BAILE

A NOSA SEÑORA DA XUNQUEIRA

12:30 – Praza de Ravella

SUPERROQUIÑOS

Intrínqulis

Malabares, improvisación co público, maxia e clown fúsiónanse para crear unha experiencia única.

Compañía: Adrián Conde

Tipo de espectáculo:

Maxia e clown

Duración: 50 min

Público: Todas as idades





19:30 – Praza de Galicia
CERTAME FESTACLOWN
Miss Elastic

Un espectáculo de circo musical para toda a familia que inclúe malabares combinados, humor, maxia, contorsionismo, aros hula-hoops, tiro con arco e frecha cos pés, participación do público, lume, luminotecnia e burbullas.

Compañía: Valeria Altmark | Tipo de espectáculo: Circo, maxia e acrobacias | Duración: 50 min | Público: Todas as idades


21:00 – Rúas da cidade
Pasarrúas
GRUPO DE GAITAS MOCEDADE DA TORRE 83

21:00 – Praza da II República
MOSTRA FESTACLOWN
Collage

Acrobacias, equilibrios, saltos que desafían a gravidade, manipulación de obxectos e outras doses de enxeño e humor son os elementos deste espectáculo de trampolín cheo de diversión.

Compañía: Bot Project | Tipo de espectáculo: Acrobacias e trampolín | Duración: 40 min | Público: Todas as idades





22:30 – Avda. da Mariña
Verbena popular
GRUPO ASSIA

24:00 – Praias da Concha – Compostela
Combate naval
ESPECTÁCULO PIROTÉCNICO

Un festival único en Galicia,
con máis de 150 anos de historia.
Rememora o asedio das tropas
españolas ao Callao,
no Perú, en 1866.

Media hora
de espectáculo
con fogos acuáticos
e aéreos para
rematar co sempre
celebrado combate
entre os barcos
e o castelo.

Patrocina:



Deputación
Pontevedra



DOMINGO 23 AGOSTO

12:30 – Rúas da cidade


Pasarrúas

GRUPO DE GAITAS A QUEIMADA

21:30 – Rúas da cidade

Desfile de carrozas de verán

Música, folclore e animación de rúa acompañan o desfile que pecha as festas. O percorrido comeza na estación de autobuses pola rúa Moreira Casal, continúa pola avda. Xoán Carlos I, rúa Gumersindo Nartallo, praza da Independencia, rúa Edelmiro Trillo, para rematar na praza de España.



MÉRCORES 26 AGOSTO

20:30 – Praza da Peixería

Lorca e La Barraca aquí

Acto de lembranza de Lorca e de La Barraca en Vilagarcía con actuación da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa.

Organiza: Mesa das Verbas.

SÁBADO 29 AGOSTO

22:30-02:00 - Rúas e prazas da cidade

Noite das Meigas

Un total de 10 asociacións vilagarcíás serán as encargadas de atender as pallozas distribuídas por prazas e rúas da cidade, nas que servirá a tradicional queimada acompañada de degustación de viandas.

Ás 00:00 horas, na praza de Galicia, realizarase o conxuro coa colaboración de Teatro Clámide.

As pallozas e os seus integrantes están situadas nos seguintes lugares:

- **TEATRO CLÁMIDE**
Praza de Galicia
- **O NOSO LAR**
Avenida da Mariña
- **ASOCIACIÓN CULTURAL CURTAS FILMS FEST**
Praza da Independencia
- **A CANTARELA**
Rúa Castor Sánchez
- **ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS DE VILAGARCÍA**
Praza de España
- **ZONA ABERTA**
Rúa Baldosa / Valentín Viqueira
- **OS REMOLÓNS**
Rúa Castelao
- **ASOCIACIÓN CULTURAL MALVEIRAS**
Praza do Castro
- **CANTAREIRAS BULIDEIRAS DE FONTECARMOA**
Praza de Galicia / Rúa do Río
- **ASOCIACIÓN CULTURAL INDANONVAIDESTA**
Rúa Arcebispo Lago



SÁBADO 29 / DOMINGO 30 AGOSTO

18.00 - 00.00 - Praza da II República

Nintendo Switch 2 Tour 2026

Diversión en compañía nas carpas situadas diante do Auditorio, que acollen unha ocasión totalmente gratuíta para desfrutar cos videoxogos máis destacados do icónico personaxe de Nintendo, dos seus amigos... e dos seus rivais: Mario Kart World, Mario Tennis Fever, Super Mario Bros-Wonder, Super Mario Party Jamboree, Super Mario Galaxy + Super Mario Galaxy 2, Yoshi and the Mysterious Book, Donkey Kong Bananza...

Todo o mundo a xogar!





AMEIXA ROCK

⚡ 2026 ⚡

5, 6 SETEMBRO
ALAMEDA DO CARRIL

BALA

THE ESKARALLAS

STORRENTOS

DJ KLEMPER

Poderás consultar as novas incorporacións
ao longo de todo o mes en:

<http://ameixarockcarril.wixsite.com/website>





REVENDAS

VILAXOÁN
10-13 SETEMBRO



XOVES 10

NARCO - SARA HEBE - DE NINGHURES
NADIE GONZÁLEZ - SONS OF AGUIRRE
& SCILA - SÜNE - EL PONY PISADOR
YAYA DJ - A DUENDENETA

VENRES 11

EVARISTO - BOB VYLAN - DAKIDARRÍA
ILAN AMORES - LA SRA.TOMASA - MATAH
TERRAE - THE SALSA PUNK ORKESTRA
ARRHYTHMIA - A DUENDENETA

SÁBADO 12

LA GOSSA SORDA - EL DROGAS
FILLAS DE CASSANDRA - THE RAPANTS
TAQBIR - REBELIOM DO INFRAMUNDO
KUMBIA QUEERS - MALIFETA - 9LOURO
AWAKATE - MALOA BROTHERS
QUEEN RENDI - TAPA D'ORELLA
A DUENDENETA

DOMINGO 13

AS DO XEITO - MEKANIKA ROLLING BAND
SARDIÑADA POPULAR - GALA DE CIRCO
LISDEXIA - DE VACAS



TORNEOS DEPORTIVOS DE VERÁN

1 - 7 AGOSTO

> Torneo de verán de baloncesto

Lugar: Pavillón Sara Gómez

Hora: 20:30 (de luns a venres)

Organiza: Basket Base Club.

Colabora: Fundación de Deportes.

1 - 20 AGOSTO

> XXIV Torneo de verán de tenis

Lugar: Pistas de tenis do CDM de Fontecarmoa

Organiza: Fundación de Deportes.

SÁBADO 22 / DOMINGO 23 AGOSTO

> LVIII Regata San Roque

XIV TROFEO RAMIRO CARREGAL

Lugar: Ría de Arousa.

Organiza: Real Club Regatas Galicia.

Colabora: Fundación de Deportes.

MARTES 25 AGOSTO

> Trofeo San Roque de baloncesto

OBRADOIRO VS. BÁSQUET CORUÑA

Lugar: Pavillón Sara Gómez. Hora: 20:30.

Organiza: Club Baloncesto Vilagarcía.

Colabora: Fundación de Deportes.



TORNEOS DEPORTIVOS DE VERÁN

VENRES 28 AGOSTO

> Verán EnRoque

Lugar: Centro Comercial Arousa. Hora: 21:00.

Organiza: Club Xadrez Fontecarmoa.

Colabora: Fundación de Deportes.

SÁBADO 5 SETEMBRO

> II Memorial Luisiño de fútbol veterano

Lugar: Campo de fútbol Mari Paz Vilas. Hora: 19:00.

Organiza: Club Deportivo Bamio.

Colabora: Fundación de Deportes.

VENRES 18 / SÁBADO 19 / DOMINGO 20 SETEMBRO

> Regata da Muller – Liga Iberdrola

Lugar: Ría de Arousa.

Organiza: Federación Galega de Vela.

Colabora: Fundación de Deportes.

SÁBADO 19 / DOMINGO 20 SETEMBRO

> II Trofeo EncestaRías Women

Lugar: Pavillón Sara Gómez do CDM Fontecarmoa

Organiza: A.C.D. EncestaRías.

Colabora: Fundación de Deportes.

SÁBADO 26 SETEMBRO

> XXXII Memorial

Adolfo Pedrido

XIX CIRCUÍTO GALEGO XADREZ

PROMOCIÓN 2026

Lugar: Recinto multiúsos Fexdega.

Hora: 10:30.

Organizan: Club Xadrez Fontecarmoa
e Fundación de Deportes.



VERÁN COA FUNDACIÓN DE DEPORTES

> Programa Activo MAIORmente

Programa dirixido a persoas maiores de 65 anos. Conta con servizos deportivos, como actividade dirixida de ximnasia funcional, unha prescrición de exercicio físico de maneira individual, así como o seu control e asesoramento, e actividades extraordinarias ao aire libre.

Horario: de 9:00 a 9:45 h, de 10:00 a 10:45 h e de 11:00 a 11:45 h (martes e xoves).

Lugar: Pavillón Municipal de Castelao/Helena Mariño.

> Vilagarcía en Forma

Actividades dirixidas para toda a poboación baseadas no movemento intelixente con actividades de pilates e ioga.

Horario: de 9:00 a 9:45 h e de 10:00 a 10:45 h (luns e mércores).

Lugar: Recinto Multiúsos de Fexdega.

> Vacacións Multideportivas

Programa lúdico deportivo onde se desenvolverá a Escola Multideportiva de Verán para nenos e nenas comprendidos entre 7 e 14 anos.

Hora: de 10:00 a 13:00 h (de luns a venres).

Lugar: Recinto Multiúsos de Fexdega.



VERÁN COA FUNDACIÓN DE DEPORTES

> Escola de verán de fútbol

Datas: ata 31 agosto, de luns a venres,
en horario de 9:00 a 14:00 h.
Lugar: Club Fútbol Municipal de Vilaxoán.
Organiza: San Martín CF.
Colabora: Fundación de Deportes.

> Escola de verán de atletismo

Datas: do 27 xullo ao 14 de agosto, os luns, martes,
xoves e venres, en horario de 9:30 a 13:00 h.
Lugar: Estadio Municipal de Atletismo.
Organiza: Agrupación Atlética Mazi.
Colabora: Fundación de Deportes.

> Campus de vólei praia

Datas: do 13 de xullo ao 28 de agosto, de luns a xoves,
en horario de 10:00 a 13:00 h.
Lugar: Campus de vólei na praia Compostela.
Organiza: Club Voleibol XAV Cambados.
Colabora: Fundación de Deportes.

EXPOSICIÓN


ATA O 30 DE AGOSTO

Sala de Exposicións
Antón Rivas Briones

50 anos de cine.

Unha ollada compartida.

CELEBRACIÓN DO 50 ANIVERSARIO
DO CINE CLUBE ÁDEGA



Onde aparcar...

[e moito máis]



Dende este verán, veciños e visitantes teñen ao seu dispor unha aplicación móbil para que sexa máis doado aparcar, ben nos espazos habilitados na rede Vaicar!, ben no resto de estacionamentos públicos ou privados, libres ou de pago.

Con todo, a aplicación é moito máis: Roquiño, o noso asistente virtual, está desexando contestar ás túas preguntas, e tamén tes información sobre aloxamento, gastronomía, monumentos, rutas... e ata a axenda diaria. Escanea o QR e verás...



FESTA DA AUGA

CONSELLOS DE SEGURIDADE

Procure levar calzado cómodo e pechado que evite deslizamentos na rúa así como roupa cómoda e pouca pesada.

Evite levar consigo teléfonos móbiles e cartos en formato billete porque pode perdelos co impacto da auga.

Lembre que pasos de peóns e pavimentos pintados son zonas nas que é doado esvarar ao estar molladas.

Rexeite utilizar recipientes de cristal, xa que poden escachar no chan e dar lugar a cortes.

Non colla auga acumulada do chan, posto que pode levar areas ou outros líquidos que poidan mancar os ollos.

Para evitar lesións, non se lle permite acudir con remolques nin tirar globos de auga.

Respecte a "zona húmida".

En caso de accidente leve, pode dirixirse ao

PUNTO DE PRIMEIROS AUXILIOS

da praza da Peixería [9.00-16.00h], ou chamar a

EMERXENCIAS: 112

Grazas pola súa colaboración.

Lembren que a Festa da Auga comeza unha vez que o Santo está dentro da capela. Por favor, respecten a subida en procesión e non tiren auga no percorrido.

Vinte anos despois,
o noso can preferido
regresa convertido
nun asistente virtual...

Son
Roquiño,
o teu compañeiro de viaxe



Seino (case) todo
de Vilagarcía de Arousa...
Dime e cóntoche!

[VISITVILAGARCIA.COM](https://www.visitvilagarcia.com)